

BASES DA PROMOCIÓN- “APOIO AO DEPORTE VIGUÉS”

Viaxes Zonda realiza unha promoción no ámbito territorial de España coa finalidade de sortear unha viaxe as Cuevas de Cantabria para dúas persoas.

Entrarán no sorteo os boletos das matrices entregadas polos clubs.

O donativo por cada boleto é de un euro.

Beneficiario/a

Poderán participar na promoción os/as españois/as maiores de idade e residentes en España; así coma, os/as estranxeiros/as, maiores de idade e residentes en España, coa tarxeta de residencia en España en vigor.

Sorteo

Haberá un sorteo público no que se extraerá o número gañador; e dous números máis que serán os suplentes.

Unha vez publicitado o número, no caso de non aparecer o gañador durante os primeiros quince días naturais despois do sorteo, ou non reclame o premio, renuncie, ou non cumpra cos requisitos establecidos nestas bases, pasará o premio ao primeiro suplente que terá quince días naturais para reclamalo e senón ao segundo.

Así pois, o prazo de reclamación do premio finaliza ao mes e medio de realizado o sorteo (27 de marzo), data límite tras a cal de non aparecer ningún dos números agraciados, o premio quedaría deserto.

O sorteo realizarase o 10 de febreiro de 2018 no descanso do encontro de baloncesto en cadeira de rodas CD Amfiv- Bidaideak Bilbao BSR no Pavillón Municipal de Bouzas “Pablo Beiro”; en presenza de representantes de ambas as dúas entidades e demais público.

Viaxes Zonda e VIDE resérvanse o dereito a modificar ou cancelar as condicións do sorteo durante o desenvolvemento deste, por circunstancias alleas ao control de ambas entidades e que o fagan aconsellable.

Publicación dos gañadores

O/a gañador/a do sorteo autoriza a Viaxes Zonda e á Fundación VIDE a facer público o seu nome.

Premio

A reclamación do premio se cursará de forma presencial coa entrega do boleto gañador nas oficinas da Fundación VIDE na Rúa Cesáreo González, s/n de Vigo.

Unha vez reclamado o premio, a viaxe deberá gozarse dende o 13 ao 15 de abril de 2018.

A viaxe inclúe traslado en autopullman dende Vigo, visitas a Santander, as Cuevas del Soplao, Museo de Altamira e Neocueva, Santillana del Mar, San Vicente de la Barquera e a localidade empedrada de Castrillo de los Polvazares.

A viaxe terá unha duración de dúas noites/ tres días con aloxamento en réxime de “pensión completa” en hotel de 4 estrelas. E inclúe o seguro de viaxe

O destino da viaxe non poderá ser modificado polos beneficiarios nin canxeado por diñeiro.

Viaxes Zonda e a Fundación Vigo en Deporte resérvanse o dereito de substitución do premio inicialmente previsto, por outro de similares ou superiores características.

Período da promoción

A data de comezo da campaña será o 28 de novembro de 2017 e a data de finalización o 10 de febreiro de 2018.

As matrices dos boletos vendidos entregaranse na sede de VIDE antes do día 5 de febreiro de 2018.

Toda a información relacionada co desenvolvemento da promoción e o sorteo comunicárase a través da web oficial (www.vide.es).

Outras consideracións

A inscrición á promoción supón a aceptación dos presentes termos e condicións, así como, do criterio de Viaxes Zonda e VIDE en canto á resolución de calquera cuestión ou incidencia derivada do sorteo.

Estas condicións réxense pola Lei Española. Viaxes Zonda, VIDE e os participantes na promoción sométense, coa renuncia expresa a calquera outro foro; aos xulgados e tribunais da cidade de Vigo para calquera controversia que se poida xerar.

FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE